



ANUNCIO

A Alcaldía con data 05-04-2023, ditou a Resolución 504/2023 que a continuación se transcribe:

"RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DE LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA A CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIARES ELECTRICISTAS (SEGUNDA CONVOCATORIA), MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE VIMIANZO, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DAS PROBAS.

EXPTE.: 2023/E001/000004

EXPTE. RELACIONADO: 2023/E001/000001

ANTECEDENTES

1. O Concello de Vimianzo ten na súa RPT dúas praza de auxiliar electricista que están en proceso de consolidación a partir da oferta de emprego público extraordinaria do ano 2022.
2. Recentemente producíronse situacións de baixa dos dous auxiliares electricistas municipais.
3. O Concello de Vimianzo debe facer fronte durante todo o ano aos servizos de instalación, mantemento e reparación de equipamentos eléctricos e do sistema de iluminación de vías públicas.
4. Por outra banda, O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, enuncia os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso á función pública e o sometemento pleno das administracións públicas á Lei e ao Dereito. Esta lei é de aplicación tamén ao persoal laboral que presta servizo nas Entidades Locais (artigo 2). E, segundo o artigo 8, o persoal laboral ten a condición de empregado público.
5. A Lei de Bases de Réxime Local dispón no artigo 91.2 que a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso-oposición libre nos que se garanten, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.
6. A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia regula o persoal laboral nos artigos 26 e ss.

7. Por Resolución de Alcaldía núm. 101/2023 de data 23/01/2023 aprobáronse as bases do proceso de selección, mediante concurso oposición, para a elaboración dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de auxiliares electricistas no Concello de Vimianzo, como persoal laboral temporal (Exp.2023/E001/000001).
8. Estas bases foron publicadas no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo o día 24/01/2023 e anunciáronse no BOP núm. 19 do 27/01/2023.
9. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto durante 10 días naturais contados a partir do día seguinte á data de publicación no BOP (ata o 06/02/2023) e presentáronse tres persoas candidatas, das que solo dúas superaron o proceso selectivo, segundo a acta do tribunal do 17/02/2023.
10. A providencia de Alcaldía de data do 06/03/2023, relativa á nova convocatoria, recolle o seguinte:

Unha das persoas candidatas manifestou verbalmente que tiña outra oferta de emprego e non podería incorporarse en breve, e considérase insuficiente, dadas as circunstancias do servizo, ter una bolsa que non teña alomenos tantos integrantes como postos hai para cubrir.

11. Mediante Resolución de Alcaldía número 331/2023 do 06/03/2023 abriuse unha segunda convocatoria que foi anunciada no BOP do 10/03/2023.
12. Consta o Informe de Rexistro coa relación de persoas presentadas dentro do prazo outorgado.
13. Consta o informe da técnica de Desenvolvemento Local sobre a listaxe de persoas a admitir e excluír provisionalmente.
14. A Resolución de Alcaldía núm. 460/2023 do 29/03/2023 aprobou a lista provisional na que quedaban excluídos:

| EXPTE TEDEC | NOME | APELIDOS | | CAUSA DE EXCLUSIÓN |
|------------------|--------------|---------------|-----------|--|
| 2023/E002/000037 | JOSE ANTONIO | COSTA CUNDINS | ***8881** | SUBSANABLE: NON PRESENTA O PERMISO DE CONDUCIR B |
| 2023/E002/000042 | JOSE LUIS | NOVO IGLESIAS | ***2966** | SUBSANABLE: NON PRESENTA TITULACION ACADÉMICA OU CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE |

15. O Candidato José Antonio Costa Cundins fixo chegar a documentación acreditativa de cumprir co requisito de estar en posesión do permiso de conducir B, que consta no seu expediente.

16. Consta o informe da técnica de Desenvolvemento Local sobre a listaxe de persoas a admitir e excluír definitivamente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece no punto 1 que o contrato de traballo de duración determinada só poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora.
2. O artigo 21.1.g da Lei Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (LBRL) establece a atribución da Alcaldía para aprobar as bases de selección.
3. Tense en conta o establecido na base cuarta, sobre requisitos de acceso, e na base quinta, sobre presentación de solicitudes e admisión de aspirantes, que indica, no apartado g): "Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución coa listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas. Concederá un prazo de dous días naturais nos que as persoas excluídas ou as que non figuren poidan presentar as súas alegacións ou subsanacións".

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección destinado á creación dunha bolsa de traballo de auxiliares electricistas para o Concello de Vimianzo:

PERSOAS ADMITIDAS

| EXPTE TEDEC | NOME | APELIDOS | |
|------------------|-----------------|------------------|-----------|
| 2023/E002/000040 | ALBERTO | ORJALES LOPEZ | ***6828** |
| 2023/E002/000037 | JOSE ANTONIO | COSTA CUNDINS | ***8881** |

PERSOA EXCLUÍDA

| EXPTE TEDEC | NOME | APELIDOS | | CAUSA DE EXCLUSIÓN |
|------------------|-----------|------------------|-----------|--|
| 2023/E002/000042 | JOSE LUIS | NOVO IGLESIAS | ***2966** | NON PRESENTA TITULACION ACADÉMICA OU CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE E NON SUBSANOU NO PRAZO OUTORGADO |

Segundo.- Aprobar a composición do tribunal cualificador, segundo se indica a continuación:

Presidente: Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural do Concello de Vimianzo



Suplente: Francisco Javier Novoa Juiz, secretario xeral do Concello de Vimianzo

Secretaria: Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local do Concello de Vimianzo

Suplente: Ivanna Vidal Domínguez, TAX do Concello de Vimianzo

1º vocal: María Nieves Lema Vilariño, técnica de Cultura do Concello de Vimianzo

Suplente: Sandra Abeijón Romero, traballadora social do Concello de Vimianzo

2º Vogal: Lorena Cernadas Soto, técnica administrativa de Informática no Concello de Vimianzo

Suplente: Manuel Vicente Antelo Santos, tesoureiro do Concello de Vimianzo

3º vogal: Rosa María Varela Antelo, educadora familiar do Concello de Vimianzo

Suplente: Juan Carlos Santabaya Louzán, axente de Desenvolvemento Local do Concello de Cee.

Terceiro.- Convocar ao tribunal para o día 12/04/2023, ás 9:00 na Casa do Concello de Vimianzo para a constitución e establecer o seguinte calendario para a realización das probas test da fase de oposición:

Data: 12/04/2023

Hora: 10:00

Lugar: Casa do Concello

[...]

Vimianzo, 10 de abril de 2023

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez